

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0522	Desenvolvemento de redes eléctricas e centros de transformación	2024/2025	6	122	122
MP0522_22	Centros de transformación	2024/2025	6	53	53
MP0522_12	Redes eléctricas de distribución en alta e baixa tensión	2024/2025	6	69	69

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

2.1-MARCO NORMATIVO DO MÓDULO QUE DÁ SOPORTE A ESTA PROGRAMACIÓN:

-Real Decreto 1127/2010, de 10 de setembro, por el que se establece el título de Técnico Superior en Sistemas Electrotécnicos y Automatizados y se fijan sus enseñanzas mínimas. BOE Núm. 244 Viernes 8 de octubre de 2010

-DECRETO 138/2011, do 9 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados. DOG Núm. 132 Luns, 11 de xullo de 2011.

2.2-NORMAS XERAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO MÓDULO:

2.2.1-NORMAS RELACIONADAS CO DEREIRO DE IMAXE: Non se permite o uso de dispositivos para a gravación de imaxes, audio e voz:

Conforme ao establecido na Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos; ao impartírense neste centro ensinanzas de formación profesional de grao superior e de adultos: non se poderá facer uso de auriculares, de teléfonos móbiles, doutros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación ou de calquera outro que poida interromper ou interferir no desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe-avaliación ou complementarias á formación. Salvo que o profesorado autorice, baixo a súa supervisión, o seu uso como ferramenta pedagóxica para a realización dalgunha tarefa, estes dispositivos deberán estar, en modo silencio ou apagados, e gardados. Ademais o artigo 18 da Constitución. Fai referencia o honor e o uso informática.

1. Se garantiza el derecho al honor, a la intimidad personal y familiar y a la propia imagen.
2. El domicilio es inviolable. Ninguna entrada o registro podrá hacerse en él sin consentimiento del titular o resolución judicial, salvo en caso de flagrante delito.
3. Se garantiza el secreto de las comunicaciones y, en especial, de las postales, telegráficas y telefónicas, salvo resolución judicial.
4. La ley limitará el uso de la informática para garantizar el honor y la intimidad personal y familiar de los ciudadanos y el pleno ejercicio de sus derechos.

MOI IMPORTANTE

Conforme ao establecido nas Normas de Organización e Funcionamento do centro non se poderá facer uso de auriculares, de teléfonos móbiles, doutros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación ou de calquera outro que poida interromper ou interferir no desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe-avaliación ou complementarias á formación.

Non autorizo o uso de dispositivos para a gravación de imaxes, audio e voz.

2.2.2-NORMAS DE UTILIZACIÓN RECURSOS DIDÁCTICOS:

-Cada alumna ou alumno responsabilizase do posto de traballo que se lle asigne e utilizará sempre o mesmo.

-Puntualidade na entrada e saída.

-Teléfono móbil: Os teléfonos móbiles permanecerán en silencio e gardados. Non se utilizarán os teléfonos móbiles salvo causa xustificada, por exemplo por motivos didácticos ou porque ter que atender unha chamada urgente (neste caso informará ao profesorado).

-Correos persoais, aula virtual, etc: Comprobar que non quedan abertas sesións de correos persoais, aula virtual, etc. Con isto preténdese evitar que outras persoas fagan un uso fraudulento, do que podería ser responsable a persoa titular.

- Non está permitido que o alumnado instale software non autorizado polo profesorado nin xogos.
- Periodicamente revisamos as aplicacións que están instaladas, e obtemos información da data e hora na que se instalaron. En caso de atopar aplicacións non permitidas, esixiremos responsabilidades á persoa que os instale.
- Non se poden gardar arquivos persoais no PC.
- No escritorio dos PC só pode estar a papeleira. Non pode haber accesos directos.
- Non se pode actualizar o Flash Player (isto é moi importante xa que deixaría de funcionar un navegador que nos permite acceder ao simulador do CT Didáctico).
- Na carpeta "Documentos", non se poden borrar as seguintes subcarpetas: "Robot Studio", "Automatión"

2.3-SECTOR PROFESIONAL, EMPRESARIAL, PRODUCTIVO, QUE PRESENTA O CONTORNO PRÓXIMO AO CENTRO:

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de deseño e definición, e aplícase nos procesos relacionados con centros de transformación e redes de distribución en alta e baixa tensión.

O sector profesional, empresarial e productivo, que presenta o contorno próximo ao centro, está formado por distribuidoras de enerxía eléctrica, oficinas técnicas, e empresas de montaxe e mantemento do sector de instalacións de AT (Alta Tensión) e BT (Baixa Tensión) que desenvolven actividades de configuración, montaxe e mantemento de redes de distribución eléctrica (AT / BT) e Centros de Transformación (CT). Este módulo proporciona as competencias requiridas, no sector produtivo, para a configuración deste tipo de instalacións.

Nos procesos de configuración, instalación, posta en servicio e mantemento das instalacións obxecto deste módulo, requírese que sexamos capaces de tomar datos en tempo real e deixalos rexistrado utilizando algún tipo de soporte físico. Moitas empresas están dixitalizando os procesos para realizar esta toma de datos en tempo real e así deixar rexistro de cada intervención. Independentemente das novas tecnoloxías para rexistrar as intervencións técnicas, sigue tendo moita importancia que sexamos capaces de anotar datos da instalación, en tempo real e a man alzada .

O parque de Centros de Transformación, tanto de abonado como de compañía, instalados no entorno do CIFP Politécnico de Santiago é moi considerable e este tipo de instalacións requiren dun mantemento anual e dunha revisión periódica cada 3 anos, polo que é moi importante que o alumnado adquiera todas as competencias relacionadas ca configuración, verificación e mantemento deste tipo de instalacións. As competencias relacionadas coa verificación e mantemento teñen unha relevancia moi importante na empregabilidade do alumnado.

2.4-RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE UTILIZARÁN:

2.4.1-Libro de texto de referencia. Para o desenvolvemento deste módulo utilizarase como referencia o seguinte libro:

Desarrollo de redes eléctricas y centros de transformación 2.ª edición 2022

Editorial: Paraninfo

<https://www.paraninfo.es/catalogo/9788413661605/desarrollo-de-redes-electricas-y-centros-de-transformacion-2-%c2%aa-edicion-2022>

ISBN 9788413661605

Edición: 2022

Enlace á ficha técnica deste libro:

<https://www.paraninfo.es/PDFUrl.aspx?id=9788413661605>

2.4.2-Aula virtual: A aula virtual servirá como instrumento para compartir recursos en soporte informático e permitirá a entrega de todas as tarefas.

2.4.3-Smart-Grid -Rede Eléctrica Intelixente- Sistema de telecontrol e telemando aplicado a centro de transformación didáctico. Este recuso didáctico consta dun Centro de Transformación con telemando que permite realizar prácticas relacionadas ca configuración, realizar manobras para posta en descargo ou posta en servizo, verificación e mantemento deste tipo de instalacións.

2.4.4--Prácticas de Media Tensión 2.0. Trátase dun simulador que está disponible no seguinte enlace:

http://www.politecnicodesantiago.es/sites/default/files/PRACTICAS_MT/Main.html

Este simulador permite desenvolver tarefas relacionadas ca configuración, realizar manobras para posta en descargo ou posta en servizo, e mantemento de centros de transformación.

Observación: Este simulador deixou de prestar servizo debido a que está elaborado con Flash Player e esta aplicación deixou de prestar servizo en xaneiro 2021 polo que está pendente analizar alternativas para que esta aplicación poda seguir funcionando

2.4.5- Recursos didácticos situados na web do CIFP Politécnico de Santiago, que están accesibles no seguinte enderezo:

<http://www.politecnicodesantiago.es>

Ruta de acceso: O CENTRO - PROXECTOS DE INNOVACIÓN

Acceso directo a proxectos de innovación:

https://www.politecnicodesantiago.es/gl/prox_innovac

Entramos no seguinte proxecto:

Smart Grid -Rede Eléctrica Intelixente- Sistema de telecontrol e telemando aplicado a centro de transformación didáctico. Deseño e desenvolvemento dun centro de transformación didáctico conectado a unha rede eléctrica intelixente ("smartgrid"). Implantación dun sistema de telecontrol remoto e comunicable. Integración do sistema SCADA e o telecontrol nun PC servidor.

Dentro dese recurso están dispoñibles os seguintes apartados:

Presentación: Contén documentación utilizada en fplnova

Fotografías: Galería de fotos.

Novas: Histórico cos detalles da visita de centros de FP para realizar prácticas neste recurso.

Ficha Técnica: Obxectivos deste recurso e ciclos formativos relacionados con este recurso.

Esquema Unifilar: Esquema unifilar do CT didáctico.

Acceso remoto á Aplicación Informática: Indícanse os pasos a seguir para poder acceder ao sistema telemando.

Acceso a Prácticas MT2.0: Este simulador permite realizar prácticas relacionadas ca configuración, posta en marcha e configuración do CT, mantemento e intervención en avarías.

Documentos de ampliación de Prácticas MT2.0: Este apartado contén documentación técnica relacionada coas prácticas que se realizan co simulador MT2.0

2.4.6- CT que prestou servizo ao CIFP Politécnico de Santiago dende a construción do edificio e que actualmente está fora de servizo e está destinado a fins didácticos.

2.5-LÍÑAS DE ACTUACIÓN: As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

-Realización da documentación necesaria para a redacción de proxectos dunha rede de distribución de alta tensión (aérea ou subterránea), un centro de transformación de interior ou de intemperie e unha rede de distribución de baixa tensión (aérea ou subterránea).

-Cálculo e deseño das instalacións, de forma manual e mediante programas informáticos comparando ambos resultados. É moi importante que o alumnado sexa capaz de interpretar e valorar, con suficiente autonomía, os resultados cando se utilizan aplicacións informáticas.

- Realización de manobras de descargo e posta en servizo en centros de transformación.

- Realización de verificacións en centros de transformación.

- Configurar instalacións para compensación de reactiva.

-Actitude de respecto polo medio.

-Interpretación e aplicación dos regulamentos e da normativa referente a cada tipo de instalación:

-Regulamento de liñas eléctricas de alta tensión.

-Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión (2014).

-Regulamento electrotécnico de baixa tensión e disposicións complementarias (RBT).

-Normativa particular das compañías distribuidoras.

-Elaboración de plans de seguridade.

-Previsión de protocolos de calidade.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	CT- Características dos CT.	Centros de Transformación: Características e normativa de aplicación.	17	14
2	CT- Verificación de CT.	Procedemento de verificación en centros de transformación.	21	17
3	CT- Configuración de CT.	Configurar centros de transformación.	15	12
4	Elementos das redes de distribución de baixa e alta tensión (BT,AT). Estrutura da rede eléctrica.	Nesta UD analízanse os tipos de redes e identifícanse os elementos que se utilizan.	18	15
5	Redes de baixa tensión (BT). Características e configuración	Nesta UD analízanse as características das redes de BT e realízase o dimensionamento deste tipo de redes.	30	25
6	Redes de alta tensión (AT). Características e configuración	Nesta UD analízanse as características das redes de AT e realízase o dimensionamento deste tipo de redes.	21	17

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	CT- Características dos CT.	17

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza centros de transformación (CT), para o que analiza o seu funcionamento e describe as características dos seus elementos.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícanse os CT segundo o seu emprazamento, a alimentación, e a propiedade e o tipo de acometida.

Criterios de avaliación
CA1.2 Relacionáronse elementos do CT coa súa representación simbólica en proxectos tipo.
CA1.3 Clasificáronse as celas segundo a súa función e as súas características.
CA1.4 Recoñeceuse a sinalización de cada tipo de celas.
CA1.5 Identificáronse as operacións, as interconexións e as fases da montaxe dun CT.
CA1.6 Relacionáronse as manobras que cómpre realizar no CT, identificando os elementos que interveñen nos esquemas.
CA1.7 Establecéronse hipóteses sobre os efectos que se producirían en caso de modificación ou disfunción dos elementos do CT.
CA1.8 Determinouse e dimensionouse a necesidade de corrixir o factor de potencia.

4.1.e) Contidos

Contidos
Características dos centros de transformación: fundamentos, tipos, características, funcionamento, utilización e aplicacións.
Regulamentos e normas de aplicación.
Características dos centros de transformación: tipos e funcionamento; partes fundamentais. Centros de transformación prefabricados.
Obra civil dos centros de transformación: planos de obra civil; localizacións e accesos; cimentacións e canalizacións.
Planos e esquemas específicos de centros de transformación: simboloxía e vistas necesarias. Normas específicas de compañías xeradoras de electricidade.
Representación gráfica dos elementos dos centros de transformación. Elaboración de esquemas. Esquemas eléctricos de detalle.
Planos de posta a terra e de detalle. Distancias regulamentarias. Esquemas de configuración de terras. Planos de picas e placas de terra.
Iluminación e ventilación. Protección contra incendios.
Normas de aplicación.
Software de cálculo e deseño de centros de transformación.
Manobras que cómpre realizar no CT. Elementos que interveñen nos esquemas.

Contidos
Elementos dos centros de transformación: celas.
Transformadores de distribución: características, proteccións, conexións, acoplamentos, etc.
Corrección do factor de potencia.
Transformadores de medida: características e selección.
Aparellos de protección e de manobra: configuración e montaxe.
Posta a terra: tipos. Especificacións técnicas das terras en transformadores. Precaucións. Neutro a terra.
Operacións de montaxe de CT: gabias, embarramentos, conexións, etc.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	CT- Verificación de CT.	21

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Define as probas e os ensaios dos elementos dos centros de transformación, para o que se empregou a información de fábrica, e elaborouse a documentación técnica correspondente.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase a normativa de aplicación.
CA3.2 Compilouse a información de fábrica.
CA3.3 Determináronse as características técnicas dos transformadores, das celas e dos equipamentos de medida.
CA3.4 Identifícanse os tipos de ensaios: baleiro, cortocircuíto, carga, etc.

Criterios de avaliación
CA3.5 Definíronse os criterios de seguridade na realización de ensaios.
CA3.6 Documentáronse as probas que cumpre realizar nos ensaios.
CA3.7 Aplicáronse os procedementos de calidade nas probas e nos ensaios.
CA3.8 Identificáronse os equipamentos para os ensaios dos elementos dos CT (aceites, aparellos, baterías, acumuladores, etc.).
CA3.9 Medíronse as tensións de paso e de contacto.
CA3.9.1 Identificouse o procedemento de medida das tensións de paso e contacto
CA3.10 Aplicouse a normativa ambiental nos ensaios realizados.
CA3.11 Utilizáronse aplicacións informáticas para a xestión, o ensaio e o mantemento dos centros de transformación.

4.2.e) Contidos

Contidos
Características técnicas dos elementos das celas de medida, de protección e distribución.
Software de xestión, ensaios e mantemento de centros de transformación e transformadores.
Características técnicas dos transformadores e dos equipamentos de medida.
Ensaio en baleiro do transformador, ensaios en cortocircuíto e en carga: cálculos e valores de aceptación. Equipamento para ensaios de transformadores.
Ensaio de elementos e sistemas do centro de transformación. Equipamento para ensaio de elementos do centro de transformación.
Equipamento para ensaios de mantemento de transformadores, de aceites e illantes, da aparelaxe e das baterías e acumuladores. Normativa ambiental.
Medición das tensións de paso e contacto.
Normas UNE de aplicación aos ensaios de transformadores e centros de transformación.
Normas UNE de aplicación ao desenvolvemento de proxectos de centros de transformación e outras normas de aplicación.
Certificados de instalación e verificación de redes de distribución e de CT.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	CT- Configuración de CT.	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura centros de transformación de interior ou de intemperie, para o que elabora esquemas e selecciona os seus equipamentos e os seus elementos.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os criterios previos de deseño: finalidade do CT, normativa de aplicación, requisitos de calidade e seguridade, etc.
CA2.2 Calculáronse as magnitudes do CT e dos seus compoñentes.
CA2.3 Determinouse e dimensionouse o sistema de posta a terra do CT.
CA2.4 Seleccionáronse os aparellos dos CT: interruptores, seccionadores, transformadores de medida, etc.
CA2.5 Tivéronse en conta na selección dos elementos os criterios de montaxe e intercambiabilidade, condicións de subministración e custos.
CA2.6 Elaborouse a listaxe xeral de equipamentos, elementos de instalación e medios de seguridade.
CA2.7 Elaboráronse esquemas.
CA2.8 Considerouse a normativa e os requisitos de seguridade e espazo para operacións de mantemento na disposición e no emprazamento dos equipamentos.
CA2.9 Utilizáronse aplicacións informáticas e programas de cálculo de parámetros e deseño de CT.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Crterios previos de deseño. Anteproectos e proxectos tipo. Magnitudes características dos CT.</p> <p>Cálculo de magnitudes características dos CT: interior e de intemperie.</p> <p>Dimensionamento de equipamentos e elementos: elementos de celas de centros de transformación de interior e de intemperie; elementos de transformación, de protección e mecánicos.</p> <p>Selección de equipamentos: condicións e criterios; características técnicas; compatibilidade e intercambiabilidade. Homologación de elementos. Normas aplicables á selección de elementos.</p> <p>Esquemas dos centros de transformación: simboloxía. Elementos de celas de transformación, de celas de medida, e de celas de entrada e distribución. Elementos de protección. Precaucións e características.</p> <p>Cálculos de CT: posta a terra; cálculos eléctricos e mecánicos, de proteccións en alta e en baixa tensión, de ampliación de potencia, e de baterías de condensadores.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elementos das redes de distribución de baixa e alta tensión (BT,AT). Estrutura da rede eléctrica.	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os elementos que configuran as redes de distribución en alta e baixa tensión, para o que analiza a súa función e describe as súas características técnicas e normativas.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as instalacións que compoñen o sistema eléctrico.
CA1.2 Clasifícanse as redes segundo a súa categoría, o emprazamento e a estrutura.
CA1.3 Establecéronse os sistemas de telecontrol da rede.
CA1.4 Recoñécronse os elementos das redes aéreas en alta e baixa tensión (apoios, condutores, accesorios de suxeición, etc.) de acordo coa súa función e as súas características.

Criterios de avaliación
CA1.5 Identifícaronse os tipos de condutores empregados nas redes aéreas en alta e baixa tensión.
CA1.6 Recoñecéronse os elementos das redes subterráneas en alta e baixa tensión (condutores, gabias, galerías, accesorios de sinalización, etc.), de acordo coa súa función e as súas características.
CA1.7 Recoñecéronse os elementos auxiliares utilizados en redes subterráneas en alta e baixa tensión.
CA1.8 Identifícaronse os regulamentos e as normas de aplicación.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Sistema eléctrico: tipoloxía e categorías de redes (aéreas e subterráneas). Tipos de conexión.</p> <p>Condutores e cables.</p> <p>Illadores: cadeas e accesorios de suxeición.</p> <p>Apoios: crucetas.</p> <p>Tirantes e tornapuntas. Elementos de protección e de sinalización.</p> <p>Tomas de terra.</p> <p>Regulamentos e normas de aplicación.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Redes de baixa tensión (BT). Características e configuración	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza as redes eléctricas de distribución de alta e baixa tensión, para o que analiza a súa estrutura e identifica os seus parámetros típicos e as normas de aplicación.	SI
RA3 - Configura redes aéreas ou subterráneas de alta e baixa tensión, para o que analiza anteproxectos ou as condicións dadas e selecciona os elementos que as compoñen.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñeceuse o tipo de rede e o seu funcionamento.
CA2.2 Relacionáronse os elementos da rede coa súa representación simbólica nos planos e nos esquemas dun proxecto tipo.
CA2.3 Identificáronse o trazado e os seus condicionamentos técnicos e regulamentarios.
CA2.4 Recoñecéronse outras instalacións que afecten a rede.
CA2.5 Calculáronse magnitudes e parámetros da rede.
CA2.6 Utilizáronse programas informáticos de cálculo das magnitudes características da rede.
CA2.7 Establecéronse hipóteses sobre os efectos que se producirían en caso de modificación ou disfunción dos elementos da rede.
CA2.8 Recoñecéronse as proteccións e os sistemas de coordinación das redes eléctricas.
CA2.9 Verificouse o cumprimento da normativa de aplicación das liñas eléctricas de alta tensión e de baixa tensión.
CA3.1 Tivéronse en conta os criterios previos de deseño: finalidade das redes, normativas técnicas e ambientais, etc.
CA3.2 Identificáronse o punto e as condicións de conexión á rede.
CA3.3 Determinouse o trazado segundo os criterios previos de deseño e as condicións de mantemento, de seguridade e ambientais.
CA3.4 Realizáronse os cálculos eléctrico e mecánico das redes.
CA3.5 Configurouse as redes de terra da instalación.
CA3.6 Seleccionáronse os materiais e os equipamentos sobre catálogos comerciais.
CA3.7 Tivéronse en conta na selección de elementos os criterios de montaxe e transporte, as condicións de subministración, os custos, etc.
CA3.8 Representouse sobre planos o trazado das redes.

Criterios de avaliación

CA3.9 Elaboráronse esquemas eléctricos.

CA3.10 Elaborouse a listaxe xeral de equipamentos, elementos, medios de seguridade e accesorios das redes.

CA3.11 Utilizáronse aplicacións informáticas e programas de deseño de redes de distribución en alta e baixa tensión.

4.5.e) Contidos**Contidos**

Simbología específica das redes.

Planos característicos. Planos topográficos.

Perfil lonxitudinal.

Magnitudes características: potencias, caída de tensión e momentos eléctricos, etc.

Proteccións: tipos. Coordinación das proteccións nas redes eléctricas. Sistemas automáticos de coordinación.

Normativa: regulamento técnico de liñas eléctricas, aérea de alta tensión, REBT, etc.

Cruzamentos e paralelismos. Distancias de seguridade e separacións.

Redes de distribución de baixa tensión: aéreas e subterráneas.

Criterios previos de deseño das redes. Datos de partida. Viabilidade. Accesibilidade.

Selección de materiais. Características técnicas. Homologación e certificación. Transporte a pé de obra. Listaxe de materiais.

Cálculos eléctricos e mecánicos. Criterios básicos de configuración das redes de distribución. Cálculos de elementos mecánicos e de elementos illantes.

Trazado de planos.

Elaboración de esquemas.

Software de cálculo e deseño de redes eléctricas. Software gráfico específico.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Redes de alta tensión (AT). Características e configuración	21

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza as redes eléctricas de distribución de alta e baixa tensión, para o que analiza a súa estrutura e identifica os seus parámetros típicos e as normas de aplicación.	SI
RA3 - Configura redes aéreas ou subterráneas de alta e baixa tensión, para o que analiza anteprojectos ou as condicións dadas e selecciona os elementos que as compoñen.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñeceuse o tipo de rede e o seu funcionamento.
CA2.2 Relacionáronse os elementos da rede coa súa representación simbólica nos planos e nos esquemas dun proxecto tipo.
CA2.3 Identifícaronse o trazado e os seus condicionamentos técnicos e regulamentarios.
CA2.4 Recoñecéronse outras instalacións que afecten a rede.
CA2.5 Calculáronse magnitudes e parámetros da rede.
CA2.6 Utilizáronse programas informáticos de cálculo das magnitudes características da rede.
CA2.7 Establecéronse hipóteses sobre os efectos que se producirían en caso de modificación ou disfunción dos elementos da rede.
CA2.8 Recoñecéronse as proteccións e os sistemas de coordinación das redes eléctricas.
CA2.9 Verificouse o cumprimento da normativa de aplicación das liñas eléctricas de alta tensión e de baixa tensión.
CA3.1 Tivéronse en conta os criterios previos de deseño: finalidade das redes, normativas técnicas e ambientais, etc.

Criterios de avaliación
CA3.2 Identifícaronse o punto e as condicións de conexión á rede.
CA3.3 Determinouse o trazado segundo os criterios previos de deseño e as condicións de mantemento, de seguridade e ambientais.
CA3.4 Realizáronse os cálculos eléctrico e mecánico das redes.
CA3.5 Configurouse as redes de terra da instalación.
CA3.6 Seleccionáronse os materiais e os equipamentos sobre catálogos comerciais.
CA3.7 Tivéronse en conta na selección de elementos os criterios de montaxe e transporte, as condicións de subministración, os custos, etc.
CA3.8 Representouse sobre planos o trazado das redes.
CA3.9 Elaboráronse esquemas eléctricos.
CA3.10 Elaborouse a listaxe xeral de equipamentos, elementos, medios de seguridade e accesorios das redes.
CA3.11 Utilizáronse aplicacións informáticas e programas de deseño de redes de distribución en alta e baixa tensión.

4.6.e) Contidos

Contidos
Simboloxía específica das redes.
Planos característicos. Planos topográficos.
Perfil lonxitudinal.
Magnitudes características: potencias, caída de tensión e momentos eléctricos, etc.
Proteccións: tipos. Coordinación das proteccións nas redes eléctricas. Sistemas automáticos de coordinación.
Normativa: regulamento técnico de liñas eléctricas, aérea de alta tensión, REBT, etc.
Cruzamentos e paralelismos. Distancias de seguridade e separacións.
Redes de distribución de alta tensión: aéreas e subterráneas.

Contidos

Criterios previos de deseño das redes. Datos de partida. Viabilidade. Accesibilidade.

Selección de materiais. Características técnicas. Homologación e certificación. Transporte a pé de obra. Listaxe de materiais.

Cálculos eléctricos e mecánicos. Criterios básicos de configuración das redes de distribución. Cálculos de elementos mecánicos e de elementos illantes.

Trazado de planos.

Elaboración de esquemas.

Software de cálculo e deseño de redes eléctricas. Software gráfico específico.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**5.1 MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA:**

Para avaliación positiva (5 puntos) o alumnado deberá acadar os obxectivos que se indican a continuación:

UD1: CARACTERÍSTICAS DOS CT.

CARACTERIZA CENTROS DE TRANSFORMACIÓN (CT), ANALIZA O SEU FUNCIONAMENTO E DESCRIBE AS CARACTERÍSTICAS DOS SEUS ELEMENTOS.

- Clasifícanse os CT segundo o seu emprazamento, a alimentación, e a propiedade e o tipo de acometida.
- Relacionáronse elementos do CT coa súa representación simbólica en planos e esquemas.
- Clasifícanse as celas segundo a súa función e as súas características.
- Recoñeceuse a sinalización e o sinóptico que se utiliza en cada tipo de celas.
- Relacionáronse as manobras que cómpre realizar no CT, identificando os elementos que interveñen nos esquemas.

UD2: VERIFICACIÓN DE CT.

DEFINE AS PROBAS E OS ENSAIOS DOS ELEMENTOS DOS CENTROS DE TRANSFORMACIÓN, PARA O QUE SE EMPREGA A INFORMACIÓN DE FÁBRICA, E ELABOROUSE A DOCUMENTACIÓN TÉCNICA CORRESPONDENTE.

- Identificouse a normativa de aplicación e a información técnica de cada elemento do centro de transformación.
- Determináronse as características técnicas dos transformadores, das celas e dos equipamentos de medida.
- Identificáronse os equipamentos para os ensaios dos elementos dos CT
- Identificáronse os tipos de ensaios que se realizan na verificación de CT: Medida de illamento, medida de rixidez dieléctrica do aceite, medida da tensión de paso e contacto

- Definíronse os criterios de seguridade na realización de ensaios.
- Identificouse o procedemento de medida das tensión de paso e contacto
- Aplicouse a normativa ambiental nos ensaios realizados

UD3: CONFIGURACIÓN DOS CT.

CONFIGURA CENTROS DE TRANSFORMACIÓN DE INTERIOR OU DE INTEMPERIE, ELABORA ESQUEMAS E SELECCIONA OS SEUS EQUIPAMENTOS E OS SEUS ELEMENTOS:

- Realizouse a configuración de centros de transformación partindo dos criterios previos de deseño e utilizando aplicacións informáticas e programas de cálculo de parámetros e deseño de CT.
- Calculáronse as magnitudes do CT e dos seus componentes.
- Determinouse e dimensionouse o sistema de posta a terra do CT.
- Seleccionáronse os aparellos dos CT: interruptores, seccionadores, transformadores de medida .
- Elaboráronse a listaxe xeral de equipamentos, elementos de instalación e medios de seguridade.

UD4: ELEMENTOS DAS REDES DE DISTRIBUCIÓN DE ALTA E BAIXA TENSIÓN (AT, BT). ESTRUCTURA DA REDE ELÉCTRICA:

IDENTIFICA OS ELEMENTOS QUE CONFIGURAN AS REDES DE DISTRIBUCIÓN EN ALTA E BAIXA TENSIÓN, PARA O QUE ANALIZA A SÚA FUNCIÓN E DESCRIBE AS SÚAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS E NORMATIVAS:

- Clasificáronse as redes segundo a súa categoría (redes de primeira, segunda e terceira categoría) e estrutura (redes aéreas, subterráneas, redes radiales, redes en anillo).
- Recoñecéronse os elementos das redes aéreas en alta e baixa tensión (apoios, condutores, accesorios de suxeición) de acordo coa súa función e as súas características.
- Identificáronse os tipos de condutores empregados nas redes aéreas en alta e-baixa tensión.
- Recoñecéronse os elementos das redes subterráneas en alta e baixa tensión (condutores, gabias, galerías, accesorios de sinalización), de acordo coa súa función e as súas características.
- Identificáronse os regulamentos e as normas que se deben aplicar as redes de distribución en alta e baixa tensión (Regulamento de Lineas de Alta Tensión, Regulamento de Instalacións de alta tensión, Regulamento de Redes de Baixa Tensión, Normas Particulares das empresas Distribuidoras de Electricidade).

UD5: REDES DE BAIXA TENSIÓN (BT). CARACTERÍSTICAS E CONFIGURACIÓN

CARACTERIZA AS REDES ELÉCTRICAS DE DISTRIBUCIÓN DE BAIXA TENSIÓN, PARA O QUE ANALIZA A SÚA ESTRUCTURA E IDENTIFICA OS SEUS PARÁMETROS TÍPICOS E AS NORMAS DE APLICACIÓN:

- Recoñeceuse o tipo de rede e o seu funcionamento.
- Relacionáronse os elementos da rede coa súa representación simbólica nos planos e nos esquemas.
- Recoñecéronse outras instalacións que afecten a rede.

- Utilizáronse programas informáticos de cálculo das magnitudes características da rede.
- Recoñecéronse as proteccións e os sistemas de coordinación das redes eléctricas.
- Verificouse o cumprimento da normativa de aplicación das liñas eléctricas de alta tensión e de baixa tensión.

CONFIGURA REDES AÉREAS OU SUBTERRÁNEAS DE BAIXA TENSIÓN, ANALIZA ANTEPROXECTOS OU AS CONDICIÓNS DADAS E SELECCIONA OS ELEMENTOS QUE AS COMPOÑEN.

- Tivéronse en conta os criterios previos de deseño: finalidade das redes, normativas técnicas e ambientais.
- Identificouse o punto e as condicións de conexión á rede.
- Determinouse o trazado segundo os criterios previos de deseño e as condicións de mantemento, de seguridade e ambientais.
- Realizáronse os cálculos eléctrico e mecánico das redes utilizando aplicación informática
- Configuráronse as redes de terra da instalación.
- Seleccionáronse os materiais e os equipamentos sobre catálogos comerciais.
- Tivéronse en conta na selección de elementos os criterios de montaxe e transporte, as condicións de subministración, os custos, etc.
- Representouse sobre planos o trazado das redes.
- Elaborouse a listaxe xeral de equipamentos, elementos, medios de seguridade e accesorios das redes.
- Utilizáronse aplicacións informáticas e programas de deseño de redes de distribución en alta e baixa tensión.

UD6: REDES DE ALTA TENSIÓN (AT). CARACTERÍSTICAS E CONFIGURACIÓN.

CARACTERIZA AS REDES ELÉCTRICAS DE DISTRIBUCIÓN DE ALTA TENSIÓN, ANALIZA A SÚA ESTRUCTURA E IDENTIFICA OS SEUS PARÁMETROS TÍPICOS E AS NORMAS DE APLICACIÓN:

- Recoñeceuse o tipo de rede de alta tensión e o seu funcionamento.
- Relacionáronse os elementos da rede coa súa representación simbólica nos planos e nos esquemas dun proxecto.
- Recoñecéronse outras instalacións que afecten a rede.
- Calculáronse magnitudes e parámetros da rede.
- Utilizáronse programas informáticos de cálculo das magnitudes características da rede.
- Establecéronse hipóteses sobre os efectos que se producirían en caso de modificación ou disfunción dos elementos da rede.
- Recoñecéronse as proteccións das redes eléctricas.
- Verificouse o cumprimento da normativa de aplicación das liñas eléctricas de alta tensión e de baixa tensión.

CONFIGURA REDES AÉREAS OU SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN TENDO EN CONTA AS ESPECIFICACIÓNS DE DESEÑO E SELECCIONA OS ELEMENTOS QUE AS COMPOÑEN:

- Realizáronse os cálculos eléctrico e mecánico das redes utilizando aplicación informática.
- Configuráronse as redes de terra da instalación.
- Seleccionáronse os materiais e os equipamentos sobre catálogos comerciais.
- Elaborouse a listaxe xeral de equipamentos, elementos, medios de seguridade e accesorios das redes.

5.2-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

5.2.1- ASPECTOS XERAIS

A cualificación será de 1 a 10 puntos, considerándose avaliación positiva a puntuación igual ou superior a 5 (cinco) puntos, redondeándose os decimais ao número enteiro máis próximo (ata 5 décimas o redondeo farase ao número enteiro inmediato anterior, e dicir, se a nota é 7,5 o redondeo será a 7).

5.2.2-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ALUMNADO QUE NON PERDE O DEREITO Á AVALIACIÓN CONTÍNUA:

Para acadar os obxectivos deste módulo propónse unha metodoloxía didáctica de traballo por proxectos para que o alumnado adquira as habilidades, destrezas e coñecementos, a partir de actividades de aula na que o alumnado desenvolverá TAREFAS DE ALUMNADO seguindo procedementos similares aos que se utilizan no entorno produtivo.

Nos procesos de configuración, instalación, posta en servizo e mantemento das instalacións obxecto deste módulo, requírese que sexamos capaces de tomar datos en tempo real e deixalos rexistrado utilizando algún tipo de soporte físico. Moitas empresas están implementando as tecnoloxías TIC para realizar esta toma de datos en tempo real e así deixar rexistro de cada intervención. Independentemente das novas tecnoloxías para rexistrar as intervencións técnicas, sigue tendo moita importancia que sexamos capaces de anotar datos da instalación, en tempo real e a man alzada .

AVALIACIÓN DO MÓDULO:

Para desenvolver a avaliación dese módulo utilizarase como referencia **PROBAS ESCRITAS** e as **TAREFAS DE ALUMNADO** , que se devolverán en cada trimestre.

CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS ESCRITAS:

Cada trimestre realizaranse as seguintes probas:

- Proba escrita número 1, de criterios de avaliación mínimos esixibles: Esta proba puntuarase de 1 a 5 puntos. Constará de varios apartados e cada apartado terá indicada a puntuación.
- Proba escrita número 2, dos restantes criterios de avaliación que non son mínimos esixibles: Esta proba puntuarase de 1 a 4 puntos. Constará de varios apartados e cada apartado terá indicada a puntuación.

CUALIFICACIÓN DAS PROBAS ESCRITAS (PE):

- Proba escrita número 1, de criterios de avaliación mínimos esixibles (PE1): Esta proba puntuarase de 1 a 5 puntos. Constará de varios apartados e cada apartado terá indicada a puntuación.
- Proba escrita número 2, dos restantes criterios de avaliación que non son mínimos esixibles(PE2): Esta proba puntuarase de 1 a 4 puntos. Constará de varios apartados e cada apartado terá indicada a puntuación.

-Cada trimestre realizaranse probas escritas nas datas que se establecerán.

CRITERIOS TAREFAS DO ALUMNADO (TA)

-Da tarefa do alumnado pódese obter como máximo 1 puntos.

-No caso que o alumnado non entregue as tarefas de alumnado coas características que se indican no apartado CARACTERÍSTICAS DAS TAREFAS DE ALUMNADO, a puntuación das tarefas será 0 puntos.

CUALIFICACIÓN DAS TAREFAS DE ALUMNADO (TA): A ponderación 10% (A puntuación destas tarefas suporá ó 10% da nota do trimestre, que equivale a 1 Puntos nunha escala de 1 a 10).

-O alumnado que entregue a tarefa proposta e coas características que se indican no apartado

CARACTERÍSTICAS DAS TAREFAS DE ALUMNADO, terá 1 punto para a nota do trimestre, sempre e cando teña un 5 na proba escrita número 1, de criterios de avaliación mínimos exixibles (PE1)

-O alumnado que non entregue as tarefas de alumnado ou si as entrega sen cumprir coas características que se indican no apartado CARACTERÍSTICAS DAS TAREFAS DE ALUMNADO, a puntuación da tarefa será cero puntos.

-A puntuación será a media aritmética da puntuación de todas as tarefas propostas no trimestre.

-O profesorado revisará as tarefas que se entregan na aula virtual indicando si a tarefa está realizada segundo os criterios establecidos, porase a indicación "Tarefa realizada segundo os criterios establecidos" e asignaráselle a puntuación de 10 puntos, ou si pola contra, a tarefa non está realizada seguindo os criterios establecidos, porase a indicación "Tarefa non está realizada segundo os criterios establecidos" e a puntuación será de 0 puntos. Hai que ter en conta que todas as tarefas son corrixidas polo profesorado de forma conxunta na aula.

CRITERIOS QUE SE TEÑEN QUE CUMPLIR PARA ACADAR AVALIACIÓN POSTIVA (5 puntos):

-Para acadar a avaliación positiva (5 puntos), o alumnado ten que obter 5 puntos na proba escrita número 1 (PE1), de criterios de avaliación mínimos exixibles.

Se non obtén os 5 puntos nesta proba de criterios de avaliación mínimos exixibles (PE1), a nota do trimestre será a nota que obteña nesta proba, e non se lle sumará os puntos obtidos nas tarefas entregadas. Neste caso a nota do trimestre será: Nota do trimestre= Nota PE1

CRITERIOS PARA ESTABLECER A NOTA DO TRIMESTRE.

-O alumnado que non obtén os 5 puntos na proba escrita de criterios de avaliación mínimos exixibles (PE1), a nota do trimestre será a nota que obteña nesta proba, e non se lle sumará os puntos obtidos nas tarefas entregadas. Neste caso a nota do trimestre será:

Nota do trimestre= Nota PE1

-O alumnado que obteña 5 puntos na proba escrita número 1, de criterios de avaliación mínimos exixibles (PE1, que puntúa de 1 a 5 puntos), a nota do trimestre, será a suma da nota desta proba PE1 (de 1 a 5 puntos), máis a nota da proba escrita número 2, PE2 (de 1 a 4 puntos), máis a nota das tarefas de alumnado TA (1 punto):

Nota do trimestre= Nota PE1+ Nota PE2 + Nota TA

NOTA FINAL DO MÓDULO:

A nota final do módulo calcularase ca media aritmética da nota de cada avaliación trimestral.

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS NON SUPERADAS:

O alumnado que non acade un 5 na proba escrita número 1, de criterios de avaliación mínimos exixibles (PE1), terá que recuperar os criterios de avaliación mínimos exixibles que non acadou. A recuperación de

cada parte non superada (nota de avaliación inferior a cinco puntos) farase ao final do segundo trimestre e antes da avaliación deste segundo trimestre.

5.2.3-MÍNIMOS EXIXIBLES E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA PARA ALUMNADO QUE PERDE O DEREITO Á AVALIACIÓN CONTÍNUA:

Os mínimos esixibles para o alumnado que perda o dereito a avaliación continua son os indicados neste apartado. O alumnado poderá presentarse a unha proba que constará de dúas partes que se desenvolverán en días diferentes e nos prazos indicados na normativa vixente. Para poder realizar a segunda parte da proba ten que obter un mínimo de 5 puntos na primeira parte da proba.

A cualificación das probas será de 1 a 10 puntos, considerándose positiva a puntuación igual ou superior a 5 (cinco) puntos, redondeándose os decimais ao número enteiro máis próximo (ata 5 décimas o redondeo farase ao número enteiro inmediato anterior, e dicir, se a nota é 7,5 o redondeo será a 7).

Para acadar avaliación positiva a nota de cada parte da proba ten que ser igual ou superior a 5 puntos.

A nota final será a media aritmética das notas de cada partes da proba sempre e cando a nota de cada parte sexa igual ou superior a 5 puntos. No caso que algunha parte teña unha nota inferior a 5 puntos, entón a nota final será a menor das notas de cada parte da proba.

Para alcanzar avaliación positiva o alumnado terá que demostrar que adquiriu os obxectivos que se establecen no currículo deste módulo.

Os contidos desta proba serán os indicados no currículo do módulo. Neste exame indicaranse os criterios de cualificación e a nota mínima para avaliación positiva será como mínimo cinco puntos.

5.3-ASPECTOS A TER EN CONTA EN RELACIÓN COAS ACTITUDES:

O alumnado debe cumprir co que e indica a continuación.

- Puntualidade na asistencia a clase: Puntualidade a hora de entrar e saír respetando o horario establecido. Entendese retraso a partires dos 5 minutos dende a hora de inicio da clase.
- Respetar as diferencias de opinión mostradas polos compañeiros e compañeiras.
- Non discriminar as compañeiras e compañeiros.
- Respeto hacia os compañeiros e compañeiras.
- Respetar as diferencias de opinión.
- Participar nos debates, de forma educada e utilizando o seu turno e sen emitir opinións que poden supoñer un trato discriminatorio a outras persoas.
- Participación no desenvolvemento das actividades didácticas respetando os turnos de intervención: Proporanse tarefas durante o curso que deben ser resoltas polo alumnado e corrixiranse na aula.
- Mostrar interese por aprender.
- Predisposición para traballo en grupo.
- Fomentar a colaboración entre todos para facilitar o traballo en grupo.
- Coidado do material. Manter o posto de traballo limpo e en bo estado
- Cada alumna ou alumno ten asignado un posto de traballo e mantén esa asignación durante todo o curso.
- Manter en bo estado o posto de traballo e os recursos didácticos que utiliza. O alumnado ten un posto fixo e cada día que o utiliza comprobará o estado no que se atopa e informará das variacións que detecte ao entrar e saír da aula.
- Manter o posto de traballo limpo e ordenado

- Mostrar actitude positiva no relacionado coa PRL (Prevención de Riscos Laborais). Utilizar os EPIS necesarios para cada tipo de actividade.
- Mostrar actitude positiva no relacionado coa eficiencia enerxética e o mediambiente.
- Motivación para asistir as clases con ganas de aprender e facer as tarefas o mellor posible, mantendo a ilusión por avanzar no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Non se permite a utilización do teléfono durante o desenvolvemento das clases nin durante o desenvolvemento das probas.
- Compromiso para non estar pendente do teléfono móbil durante o desenvolvemento das clases. Ese compromiso parte dendo a actitude do profesorado que o iniciar cada clase, comprométese a gardar o seu teléfono na mochila e mantelo en silencio ou apagado. Coa consideración que si algunha persoa está esperando unha chamada urxente, comprométese a avisar previamente o profesorado e nese caso terá o tlf en posición que non moleste e que lle permita atender esa chamada sin interferir no desenvolvemento das actividades didácticas.
- Non se permite a utilización de dispositivos para gravar ou filmar o desenvolvemento das clases nin durante o desenvolvemento das probas.
- Non se permite a utilización de internet para fines que non garden relación cos obxectivos do módulo.
- Uso dos equipos informáticos de forma responsable: Os ordenadores son para uso profesional. Non se permite que o alumnado varíe a configuración dos ordenadores. Cada alumna ou alumno ten asignado un posto de traballo fixo. O alumnado non pode instalar aplicacións informáticas. Periodicamente realízase mantemento dos equipos informáticos e detectase o día e a hora na que se realizan instalacións de software non autorizado ou modificacións na configuración dos equipos.
- En relación co resto de equipamento didáctico incluído equipos de verificación: Cada alumna e alumno farña un uso responsable e profesional.
- Cada alumna ou alumno responsabilizase de manter o posto de traballo en bo estado e de comunicar os deterioros que atope cando entra e sae da aula.
- As faltas de asistencia, os retrasos e as situación de mal comportamento, reflexarase no parte de clase e na aplicación de control de asistencia.
- No caso de que un alumno mostre comportamentos en contra do indicado nos puntos anteriores ou que dificulten o normal desenvolvemento do curso, informarase a xefatura de estudos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non acade un 5 na proba escrita número 1, de criterios de avaliación mínimos esixibles (PE1), terá que recuperar os criterios de avaliación mínimos esixibles que non acadou. A recuperación de cada parte non superada (nota de avaliación inferior a cinco puntos) farase ao final do segundo trimestre e antes da avaliación deste segundo trimestre.

Cada alumno/a recuperará a parte non superada, realizando a PROBAS ESCRITAS. O procedemento para definir as actividades de recuperación terá como referencia os criterios de avaliación non superados polo alumnado.

O alumnado que non perda o dereito á avaliación continua e que non alcance avaliación positiva no período ordinario, poderá presentarse á recuperación durante o terceiro trimestre.

Durante o trimestre de recuperación o alumnado realizará as tarefas que foron prantexadas durante os dous primeiros trimestre do curso e o/a profesor/a aclarará as dúbidas que prantexe o alumno. Este aspecto é

importante xa que no trimestre de recuperación o alumnado xa dispón de toda a documentación e información para realizar as tarefas que foron prantexadas durante o curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria terá como referencia todos os Resultados de Aprendizaxe e os Criterios de Avaliación establecidos no currículo.

Tendo en conta o indicado anteriormente, elaboraranse as probas de avaliación que constarán de partes teóricas que se desenvolverán mediante proba escrita e partes prácticas que se desenvolverán utilizando unha lista de cotexo.

A proba de avaliación extraordinaria desenvolverase en varios días. O alumnado con perda de dereito a avaliación continua terá que informarse da data ou datas desta avaliación poñéndose en contacto co/a profesor/a que imparte o módulo.

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulos correspondente.

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, e no caso do segundo curso do réxime ordinario non terá acceso ao módulo de Formación en centros de traballo no período ordinario.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN:

O seguimento da programación farase de forma mensual utilizando a aplicación web www.edu.xunta.es/programacións.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE:

A avaliación da propia práctica docente aplicarase tendo en conta os procedementos de calidade establecidos mediante as enquisas.

Tendo en conta que as enquisas desenvólvense ao finalizar o primeiro trimestre e co obxectivo de dar resposta inmediata á avaliación da práctica docente, proporase que o/a alumno/a que asuma as funcións de delegado/a, que se comprometa a recoller semanalmente nun folio (sin formato establecido previamente) as propostas de mellora, inxedanzas ou disconformidades do alumnado coa metodoloxía didáctica utilizada na aula e co proceso de ensino-aprendizaxe. Na última sesión de clase de cada semana, como moi tarde, entregárame as propostas de mellora, inxedanzas ou disconformidades, para analizalas e poder implementar as modificación que permitan dar respostas a maior brevidade posible.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O alumando necesita autonomía na utilización e manexo de aplicacións informáticas de deseño asistido por ordenador, aplicacións informáticas de tratamento de texto e táboas de cálculo. Toda a documentación técnica que utilizamos neste módulo, está en soporte informático, polo que resulta imprescindible establecer un método para organizar toda a documentación e tela localizable.

Tendo en conta esta situación de partida, aproveitase a avaliación inicial como elemento motivador e para que alumnado valore a importancia do manexo de aplicación informáticas e e a utilización de documentación en soporte informático.

O primeiro días de clase, o alumnado iniciará a cumplimentación dun cuestionario relacionado con aspectos xerais do módulo e pretende ser un elemento motivador. Neste cuestionario preténdese valorar a motivación inicial que lle levou ao alumnado a elixir este ciclo. Aproveitaremos esta avaliación inicial para identificar propostas para mellorar os coñecementos e experiencia que se pode adquirir neste ciclo. O segundo e terceiro día continuarase ca elaboración do cuestionario e simultaneamente realizarase a corrección deste cuestionario de avaliación inicial.

A estrutura da avaliación inicial consta de preguntas de resposta breve e están relacionadas cos obxectivos máis relevantes do módulo. Nesta avaliación inicial introducirase a importancia de identificar esquemas unifilares e relacionar a simboloxía cos elementos reais. Proporanse e reflexións sobre a interpretación das facturas de subministrados de enerxía eléctrica. E introducirase a utilización de planos topográficos como

elemento soporte para a planificación de tarefas relacionadas coa configuración de redes eléctricas de distribución en alta e baixa tensión e centros de transformación.

Antes de iniciar cada Unidade Didáctica farase unha pequena exposición dos obxectivos que se van acadar con cada UD, aspecto que debe utilizarse como elemento motivador para introducir ao alumnado nos novos conceptos que se van a tratar e para que se faga unha idea dos conceptos xa estudados e que debe ser utilizados e aplicados na nova UD.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para alumnado con necesidades específicas de atención a diversidade seguiranse os protocolos establecidos pola administración educativa.

PENDENTE FACER REFERENCIA A ALUMNADO CON DIFERENTES CAPACIDADES:

Para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados aplicaranse as seguintes medidas:

- Aclarar as dúbidas de forma individual.
- Axudarlle a resolver as tarefas aclarandolle as dúbidas de forma individual.
- Atención individualizada en función das dificultades de cada alumno/a.

Para o alumnado con altas capacidades e alto rendimento, adaptaranse as .. PENDENTE MODIFICAR tarefas, adaptándolas tendo en conta as propostas do alumnado. Proporase ao alumnado que aporte ideas de traballo por proxectos, que lle resulten atractivos e que garden relación cos obxectivos do módulo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

- Puntualidade na asistencia a clase: Puntualidade a hora de entrar e saír respetando o horario establecido. Entendese retraso a partir dos 5 minutos dende a hora de inicio da clase.
- Respetar as diferencias de opinión mostradas polos compañeiros e compañeras.
- Non discriminar as compañeras e compañeiros.
- Respeto hacia os compañeiros e compañeras.
- Respetar as diferencias de opinión.
- Participar nos debates, de forma educada e utilizando o seu turno e sen emitir opinións que poden supoñer un trato discriminatorio a outras persoas.

- Participación no desenvolvemento das actividades didácticas respetando os turnos de intervención: Propóranse tarefas durante o curso que deben ser resoltas polo alumnado e corríxanse na aula.
- Mostrar interese por aprender.
- Predisposición para traballo en grupo.
- Fomentar a colaboración entre todos para facilitar o traballo en grupo.
- Coidado do material. Manter o posto de traballo limpo e en bo estado
- Cada alumna ou alumno ten asignado un posto de traballo e mantén esa asignación durante todo o curso.
- Manter en bo estado o posto de traballo e os recursos didácticos que utiliza. O alumnado ten un posto fixo e cada día que o utiliza comprobará o estado no que se atopa e informará das variacións que detecte ao entrar e saír da aula.
- Manter o posto de traballo limpo e ordenado
- Mostrar actitude positiva no relacionado coa PRL (Prevención de Riscos Laborais). Utilizar os EPIS necesarios para cada tipo de actividade.
- Mostrar actitude positiva no relacionado coa eficiencia enerxética e o mediambiente.
- Motivación para asistir as clases con ganas de aprender e facer as tarefas o mellor posible, mantendo a ilusión por avanzar no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Non se permite a utilización do teléfono durante o desenvolvemento das clases nin durante o desenvolvemento das probas.
- Compromiso para non estar pendente do teléfono móbil durante o desenvolvemento das clases. Ese compromiso parte dendo a actitude do profesorado que o iniciar cada clase, comprométese a gardar o seu teléfono na mochila e mantelo en silencio ou apagado. Coa consideración que si algunha persoa está esperando unha chamada urxente, comprométese a avisar previamente o profesorado e nese caso terá o tlf en posición que non moleste e que lle permita atender esa chamada sin interferir no desenvolvemento das actividades didácticas.
- Non se permite a utilización de dispositivos para gravar ou filmar o desenvolvemento das clases nin durante o desenvolvemento das probas.
- Non se permite a utilización de internet para fines que non garden relación cos obxectivos do módulo.
- Uso dos equipos informáticos de forma responsable: Os ordenadores son para uso profesional. Non se permite que o alumnado varíe a configuración dos ordenadores. Cada alumna ou alumno ten asignado un posto de traballo fixo. O alumnado non pode instalar aplicacións informáticas. Periodicamente realízase mantemento dos equipos informáticos e detectase o día e a hora na que se realizan instalacións de software non autorizado ou modificacións na configuración dos equipos.
- En relación co resto de equipamento didáctico incluído equipos de verificación: Cada alumna e alumno farña un uso responsable e profesional.
- Cada alumna ou alumno responsabilízase de manter o posto de traballo en bo estado e de comunicar os deterioros que atope cando entra e sae da aula.
- As faltas de asistencia, os retrasos e as situación de mal comportamento, reflexarase no parte de clase e na aplicación de control de asistencia.
- No caso de que un alumno mostre comportamentos en contra do indicado nos puntos anteriores ou que dificulten o normal desenvolvemento do curso, informarase a xefatura de estudos.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Propóñense as seguintes actividades:

- Realizar visita a instalación dunha rede de distribución aérea en baixa tensión, a unha rede aérea de alta tensión (media tensión), ao emprazamento de Centro de transformación compacto en edificio prefabricado; instalacións situadas nas proximidades do CIFP Politécnico de Santiago, que transcorren pola Rúa do Penedo, Calle de Bermejo, Rúa de Suarribas, Rúa Pai da Cana, Rúa da Vila, Rúa da Ponte Pereda, Rúa da Vila, Rúa Monte do Seixo, Rúa da Pena, Rúa de Manuel Ceruelo. E Visita a infraestruturas de redes soterradas de alta (media tensión) e baixa tensión así como aos emprazamentos de centros de transformación en edificio de vivendas situados no entorno da avenida de Ferrol, Calle de Ricardo Bescansa, Calle José Ángel Valente, Rúa de Xosé Pasín. Estes emprazamentos poden ser visitados andando e desprazándose a pe xa que está moi próximo ao cifp Politécnico de Santiago. Esta visita desenvolverase en varios días durante o primeiro e segundo trimestre.

-Realización de prácticas utilizando os recursos CT Didáctico e CT antigo que actualmente está fora de servizo dende que se puxo en marcha o novo CT.

- Visita o centro de transformación CIFP Politécnico de Santiago que está actualmente en servizo.

- Visita ás instalacións eléctricas da Cidade da Cultura: A continuación indícanse algúns dos obxectivos os que podería dar resposta esta visita:

.-Identificar o sistema de distribución eléctrica que garante o subministro á Cidade da Cultura.

.-Relacionar a información dos esquemas unifilares cos elementos da instalación, principalmente nos Centros de Transformación.

.-Identificar o sistema de telemando (SCADA) que permiten a telexestión da instalación.

.-Identificar sistemas de automatización da instalación.

- Visita a unha subestación eléctrica.

-Visita a sala de control da empresa distribuidora UDESA para identificar a dixitalización e control da rede de distribución eléctrica.

-Xornada técnica tarifas eléctricas (En colaboración con UDESA)

-Xornada técnica tramitación de instalacións eléctricas (En colaboración con ASINEC)

-Xornada técnica vehículo eléctrico (En colaboración con ASINEC)

-Xornada técnica elaboración de empalmes e terminais de MT e BT. en colaboración con ELEC NOR e se é posible realizar un visita técnica as instalacións de ELEC NOR para a identificación do proceso productivo desta empresa e para a realización desta actividade nas instalacións desta empresa que ten situadas no polígono do Tambre.

- Xornada técnica de mantemento predictivo en liñas e instalacións de alta e baixa tensión, Centros de Transformación. Técnicas de mantemento con Termografía aplicada. En colaboración con Applus

10. Outros apartados

10.1) Referencia ás aprendizaxes imprescindibles non acadadas no curso anterior

REFERENCIA ÁS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ACADADAS NO CURSO ANTERIOR:

Este módulo, MP0522 Desenvolvemento de redes eléctricas e centros de transformación, impártese en segundo curso e só necesita coñecementos básicos de electrotecnia (corréente alterna, transformadores) relativos a contidos transversais que se imparten no módulo MP0520 Sistemas e circuitos eléctricos de primeiro curso. Neste caso non se establecen accións programáticas relativas a aprendizaxes non acadadas no curso anterior.

10.2) Criterios utilizados para elaborar esta programación

Para a elaboración desta programación partiuse da programación do curso anterior coas modificacións que se indican a continuación.

PRIMEIRO: Actualizouse esta programación tendo en conta as indicacións e observacións da Inspección Educativa realizadas na revisión da programación e na revisión do seguimento dese programación, correspondente ao curso anterior.

SEGUNDO: Nesta programación implementáronse as propostas xerais de mellora que se rexistraron no documento de seguimento da programación do curso anterior.

10.3) Secuenciación de unidades didácticas.

SECUENCIACIÓN DE UNIDADES UNIDADES FORMATIVAS:

PRIMEIRO TRIMESTRE: Unidade formativa 2(UF2) - UD1, UD2, UD3.

SEGUNDO TRIMESTRE: Unidade formativa 1 (UF1) - UD4, UD5, UD6.

SECUENCIACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS:

A secuenciación de unidades didácticas será seguindo a orde correlativa de UD que se indica nesta programación: UD1-UD2-UD3-UD4-UD5-UD6:

A UD3 (UD3-CT-Configuración de CT) que se imparte na unidade formativa 2(UF2), secuenciase en terceiro lugar. A secuenciación da UF2 quedaría así: UD1 -Características dos CT, UD2-Verificación dos CT, UD3-Configuración dos CT

Con esta modificación pretendo que o alumnado aprenda a configurar os CT despois de haber realizado todas as verificacións no CT didáctico. Desta forma o alumnado terá identificados todos os elementos necesarios nun CT o que facilitará o proceso de configuración deste tipo de instalacións xa que estariamos na situación na que o alumnado terá que configurar instalación das que xa ten identificado todos os elementos e ademais o alumnado xa lerá experiencia na realización de manobras e na verificación deste tipo de instalacións polo que seralle moito máis fácil configura instalacións nas que xa traballou.

A SECUENCIACIÓN QUEDA COMO SE INDICA A CONTINUACIÓN:

PRIMEIRO TRIMESTRE: Unidade formativa 2(UF2) - UD1, UD2, UD3.

UD1(Características dos CT), UD2-(Verificación dos CT) UD3-(Configuración dos CT) , que se corresponden ca unidade formativa de centros de transformación. Algunhos obxectivos da unidade didáctica UD1 son transversais a toda a unidade formativa, polo tanto estes obxectivos alcanzaranse ó final desta UF. Para o desenvolvemento desta UF secuenciaranse tarefas de profesor e tarefas de alumnado de cada unha das tres UD, co obxectivo de desenvolver, en primeiro lugar, tarefas eminentemente prácticas, para a continuación complementalas con tarefas de caracterización e configuración dese tipo de instalacións. Preténdese motivar para aprender captando a atención do alumnado dende o primeiro momento, utilizando metodoloxías didácticas nas que o alumnado alcanza os obxectivos partindo dunha formación eminentemente práctica e a continuación complementaa ca formación teórica que permita alcanzar os obxectivos desta UF.

SEGUNDO TRIMESTRE: Unidade formativa 1 (UF1) - UD4, UD5, UD6.

Estas UD correspóndense con: redes de baixa e baixa tensión(UD5) e redes de alta tensión (UD6). A unidade didáctica UD4 consideroa transversal a toda a unidade formativa e os obxectivos da UD4 alcanzaranse ó final desta UF. Para acadar os obxectivos da UD4, propórase que o alumnado realice, informes deste tipo de instalacións, durante todo o segundo trimestre, co obxectivo de identificar os elementos e as súas características técnicas.

10.4) Metodoloxía didáctica

Para acadar os obxectivos deste módulo propóñese unha metodoloxía didáctica de traballo por proxectos para que o alumnado adquira as habilidades, destrezas e coñecementos, a partir de actividades de aula na

que o alumnado desenvolverá TAREFAS DE ALUMNADO seguindo procedementos similares aos que se utilizan no entorno produtivo.

Nos procesos de configuración, instalación, posta en servicio e mantemento das instalacións obxecto deste módulo, requírese que sexamos capaces de tomar datos en tempo real e deixalos rexistrado utilizando algún tipo de soporte físico. Moitas empresas están dixitalizando os procedementos para realizar esta toma de datos en tempo real e con novas tecnoloxías, e así deixar rexistro de cada intervención. Independentemente das novas tecnoloxías para rexistrar as intervencións técnicas, sigue tendo moita importancia que sexamos capaces de anotar datos da instalación, en tempo real e a man alzada. Para acadar esta habilidade e destreza o alumnado terá organizada toda a documentación nunha carpeta relacionada co módulo e almacenado esa información e documentación utilizando medios propios (USB propio), desta forma o alumnado poderá seguir o desenvolvemento do módulo así como a resolución das tarefas xa que practicamente todas as tarefas realízanse en soporte informático. O alumnado é o responsable de manter organizada e actualizada así como das copias de seguridade desa carpeta que terá o nome DRECT (Iniciais do título do módulo, Desenvolvemento de Redes Eléctrica e Centros de Transformación).

A proposta metodolóxica partirá do saber facer para deseguido desenvolver os restantes contidos que permitan acadar os obxectivos do módulo.

10.5) Bibliografía

PARA FACILITAR O SEGUIMENTO DESTE MÓDULO PROPONSE O SEGUINTE LIBRO:

Desarrollo de redes eléctricas y centros de transformación 2.ª edición 2022

<https://www.paraninfo.es/catalogo/9788413661605/desarrollo-de-redes-electricas-y-centros-de-transformacion-2-%c2%aa-edicion-2022>

ISBN 9788413661605

Edición: 2022

Enlace á ficha técnica deste libro:

<https://www.paraninfo.es/PDFUrl.aspx?id=9788413661605>

(Recomendase consultar a sección descargas previo rexistro).

COMO LIBRO DE CONSULTA PROPONSE O SEGUINTE:

INSTALACIONES DE DISTRIBUCIÓN

Autor: Julián Rodríguez Fernández

Editorial: Paraninfo.

1ª Edición ,2020

ISBN: 9788428338615

Para ampliar información podes consulta o seguinte enderezo:

<https://www.paraninfo.es/catalogo/9788428338615/instalaciones-de-distribucion--edicion-2020->

Importante: Consulta a área de descargas : Lista de erratas encontradas en el libro - Fe de erratas setiembre 2019

Recomendase consultar a sección descargas previo rexistro.

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

A normativa de aplicación (Regulamentos e normas particulares) descargaranse directamente dende a páxina web oficial destes documentos.

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA:

Utilizarase documentación técnica de diferentes fabricantes moi representativos dentro do sector produtivo ao que fai referencia este módulo.

APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA CONFIGURACIÓN DE INSTALACIÓNS E ELABORACIÓN DE DOCUEMNTACIÓN TÉCNICA:

Para a configuración de instalacións utilizaranse aplicacións informáticas das que se irá facilitando información durante o desenvolvemento do curso.

SIMULADOR PRÁCTICAS MT2.0:

Para a realización de practicas utilizarase o CT Didáctico correspondente ao proxecto de innovación didáctica "Smart-Grid" e o simulador PRÁCTICAS MT2.0

Observación importante: Este simulador deixou de prestar servizo debido a que está elaborado con Flash Player e esta aplicación deixou de prestar servizo en xaneiro 2021 polo que está pendente analizar alternativas para que esta aplicación poda seguir funcionando.

As verificacións realizaranse utilizando o CT Didáctico e o simulador PRÁCTICAS MT2.0

No seguinte enlace pode accederse aos proxectos de innovación:

http://www.politecnicodesantiago.es/prox_innovac

A continuación pincha en

Smart Grid -Rede Eléctrica Intelixente- Sistema de telecontrol e telemando aplicado a centro de transformación didáctico"

Poderás acceder a todos os recursos relacionados con este proxecto de innovación